

Os paxaros tristes

Hai moitos anos a carón dunha montaña había un pobo moi bonito cheo de prados verdes e frondosos, con flores de moitas cores e borboletas voando coas súas preciosas ás.

Alí vivían unha familia de paxaros que estaban moi tristes porque tiñan as plumas grises. Querían ser tan coloridos como as flores e as borboletas.

Un día puxéronse a pensar que poderían facer para darlle cor as súas plumas.

-Podemos ir falar co sol...!

E foron todos á casa do sol. O sol díxolles:

Eu non me atrevo a pintarvos cos meus raios porque vos podo queimar, e ademais seríades todos amarelos.

Entón foron xunto á lúa e pedíronlle a súa cor e díxolle:

Eu non teño cor porque a min védesme polo reflexo do sol sobre min.

Logo marcharon moi tristes porque non poideron solucionar o seu problema.

Así foi transcorrendo o tempo ata que un día cando ían facer unha viaxe moi longa viron no ceo un fermoso arco de cores: vermello, laranxa, amarelo, verde, azul, anil e violeta.

Os paxaros abraiados veiron cara o arco da vella e atravesándoos caeron a súa cor.
Gracias ao arco da vella os pasariños volveron a ser felices e cantar con todas as súas forzas.



Segundo de Ed. Primaria